

Curso de auga salgada “Chegou o mar á ribeira”

O curso “*Chegou o mar á ribeira*” da auga é unha oferta para achegarlle á sociedade viguesa a lingua galega que temos ben preto de nós, os oficios relacionados co mar, as embarcacións tradicionais, os nomes de peixes, as lendas...

Non é un curso de galego, se por iso entendemos gramática, ortografía, sintaxe... Mais si é unha acción formativa do galego, xa que imos ampliar o noso coñecemento da lingua propia de Galicia.

A auga salgada será o fío condutor desta actividade, que nos levará polo léxico, a fraseoloxía, a talasonomía...

Un xeito de achegarmos a ese binomio que é Vigo-mar para sabermos e coñecermos un pouco máis da nosa estreita relación co mar e co mundo mariño de noso.

Este curso é un convite a meter un pé na auga, a pór a lingua en remollo; unha boa escusa para perfeccionar o noso idioma a través do coñecemento do patrimonio natural e cultura que inza arredor da auga.

O mar, fonte de vida coma os ríos, é ademais unha porta aberta ao mundo. Neste curso achegarémonos ao coñecemento da historia da nosa cidade e do seu desenvolvemento económico e cultural, só explicable pola relación ancestral co medio mariño. Guiranos nesta travesía o estudo da riqueza lingüística que o mar, e todo o que se xera arredor, del, atesoura.

O curso é de balde e está organizado polo Servizo de Normalización Lingüística.

Datas: 24, 26, 31 de outubro; 2, 14, 16, 21, 23, 28 e 30 de novembro de 2017

Lugar: Oficina Municipal de Distrito de Bouzas-Casa Patín- (rúa Eduardo Cabello, 36)

{Espazo cedido gratuitamente polo Concello de Vigo coa colaboración da Concellaría de Participación Cidadá}

Horario: de 18:00 a 20:00

Duración do curso: 20 horas (+ saída final de 2 horas á vella vila mariñeira de Bouzas)

Para inscribirse deben enviar os seus datos (nome completo, teléfono e DNI) ao correo electrónico actividades.sn1@vigo.org (cómpre poñer no asunto: curso auga salgada)